

cións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Modifícanse os apartados 1 e 2 do artigo 13 da orde mencionada, que quedan redactados como segue:

1. Serán resoltas pola secretaria xeral de Familia e Benestar, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, as seguintes solicitudes de subvención:

-As destinadas a investimento, mantemento e promoción de actividades no nivel de atención primaria, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.

-As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas con discapacidade, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.

-As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas maiores, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial, e as presentadas por entidades que contén con máis de mil socios.

-As destinadas a investimento en centros de servizos especializados na área de atención a persoas con discapacidade, maiores e a menores de protección, con independencia do ámbito territorial de actuación da asociación ou entidade solicitante.

2. Nos demais casos non previstos no punto anterior, delégase a competencia para resolver a concesión das subvencións solicitadas ao abeiro da presente orde nos xefes ou xefas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, segundo o seu respectivo ámbito territorial, e de acordo coas correspondentes desconcentracións que se fagan dos créditos da orde unha vez fiscalizadas polas intervencións competentes.

Artigo 3º

Modificación das disposicións adicionais primeira e segunda da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Modifícanse as disposicións adicionais primeira e segunda da orde mencionada que quedan redactadas como segue:

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar na secretaria xeral de Familia e Benestar para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas no artigo 13.1º.

Segunda.-Coas excepcións previstas no punto primeiro do artigo 13, apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar nos xefes/as territoriais da Consellería de Traballo e

Benestar, no seu respectivo ámbito territorial, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73a) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 4º

Modificación da redacción da disposición derradeira primeira da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Modifícase a redacción da disposición derradeira da orde mencionada que queda como segue:

Primeira.- Autorízase a secretaria xeral de Familia e Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de xullo de 2009 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2009-2010.

O artigo 42 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, establece a obriga de regular anualmente mediante orde as épocas hábiles de caza para as distintas especies cinexéticas, as limitacións ao exercicio da caza, os réximes especiais necesarios e a normativa aplicable nos terreos de réxime cinexético común.

En cumprimento do disposto no artigo 42 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, oídos os comités provinciais e o Comité Galego de Caza, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, e 7/2002, do 27 de decembro, e de conformidade co disposto no Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural en relación co Decreto 83/2009, do

21 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

DISPOÑO

TÍTULO I NORMAS DE CARÁCTER XERAL

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde de vedas regula os períodos hábiles de caza, as especies sobre as que se poderá exercer, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais ou particulares que afectarán o exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2009-2010.

Artigo 2º.-*Período hábil para a caza.*

O período hábil para exercer a caza, válido con alcance xeral, será o comprendido entre os días 18 de outubro de 2009 e o 6 de xaneiro de 2010, ambos inclusive, na Comunidade Autónoma de Galicia, coas excepcións que para cada especie se sinalan no título V de esta orde. Os días da semana en que se permitirá o seu exercicio dependerán de que se trate dunha ou doutra das modalidades de caza maior ou menor e veñen detallados nos títulos II e III desta orde que se refíren a cada unha delas, así como nas limitacións sinaladas no título V desta orde.

Nos terreos sometidos a réxime cinexético especial en que se inclúan zonas de caza permanente e de adestramento de cans conforme o disposto no artigo 8 do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, serán de cumprimento todas as disposicións recollidas nesta orde, salvo aquelas que expresamente se determinen na resolución que estableza a súa autorización.

Nas zonas de caza permanente reflectidas nos plans de ordenación cinexética do correspondente Tecor autorízase a caza sementada de paspallás e perdiz, todos os días do ano. Igualmente, poderase autorizar a caza sementada de coello de monte e faisán.

Artigo 3º.-*Venda, transporte e comercio das pezas de caza.*

1. Só poderán ser obxecto de venda, transporte ou comercio as especies silvestres cazables que se relacionan no anexo I desta orde. Isto poderá realizarse unicamente durante a tempada hábil de caza para cada especie. O tráfico ou comercio de especies de protección temporal nas provincias onde a súa captura estivese prohibida precisará dunha guía expedida polo organismo competente que xustifique a súa procedencia.

2. Os exemplares de especies cinexéticas, procedentes de explotacións industriais, así como os seus ovos cando se trate de aves, poderán comercializarse en calquera época do ano, logo da acreditación suficiente da súa orixe e do cumprimento dos requisitos fixados no artigo 2 do Real decreto 1118/1989, do 15 de setembro, e demais normativa de ámbito sanitario.

Artigo 4º.-*Repoboacións cinexéticas.*

A posta en liberdade de animais silvestres vivos de carácter cinexético requirirá autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza da provincia correspondente, conforme co artigo 31 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. Na solicitude de autorización deberán facerse constar as especies, o número e a procedencia dos exemplares que se propón adquirir, así como a adecuación de tal propósito ás previsións do plan técnico de aproveitamento cinexético que afecta o terreo onde vaian ser liberados os espécimes.

TÍTULO II CAZA MENOR

Artigo 5º.-*Días hábiles.*

Considéranse días hábiles de caza os xoves, domingos e festivos de carácter estatal e autonómico.

Artigo 6º.-*Limitacións de carácter xeral.*

1. Naqueles terreos de réxime cinexético común en que, en virtude do establecido no artigo 9.3º da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contar cunha superficie continua superior ás 500 ha, a cota máxima por cazador e día será dunha perdiz rubia e dous coellos.

2. Nos terreos de réxime cinexético especial as cotas serán as que se establezan nos correspondentes plans de aproveitamento.

Artigo 7º.-*Métodos e modalidades de caza.*

1. Na práctica da caza en man, con ou sen cans, nos terreos de aproveitamento cinexético común non se poderá cazar en grupos maiores de seis cazadores, nin cazar coordinadamente máis dun grupo. Cada cazador poderá cazar como máximo con catro cans, cun máximo de 16 por grupo.

2. Mentres non haxa unha regulación específica da cetraría na Comunidade Autónoma de Galicia, o Servizo de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, poderá autorizar o exercicio desta modalidade de caza.

Artigo 8º.-*Adestramento de cans e aves de cetraría.*

1. Autorízase o adestramento de cans, sen petición previa, desde o 3 de setembro ata o 17 de outubro de 2009, os xoves, sábados, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico. Desde o 18 de outubro ata o remate da tempada hábil de caza menor poderase adestrar eses mesmos días, agás os sábados, en todo caso, sen armas nin calquera outro medio de caza e sen que se produza a captura nin a morte da peza. O número máximo de cans por cazador será de catro e de 16 por grupo constituído por un máximo de seis cazadores, sexa cal sexa o tipo de réxime do terreo cinexético en que se realice o adestramento.

2. Autorízase o adestramento de cans en terreos de réxime cinexético especial, nas zonas destinadas para ese fin, sen petición previa, ao longo de todo o ano, agás nos meses de maior sensibilidade para a cría das especies presentes na zona, cun mínimo de dous meses de suspensión, que serán propostos polo titular do espazo cinexético no Plan anual de aproveitamentos escollidos no período que vai de abril a

xullo, entendendo, no seu defecto, que se corresponden cos meses de maio e xuño.

3. Autorízase o adestramento na modalidade de cans atrelados en terreos de réxime cinexético especial, en toda a superficie e ao longo de todo o ano, agás nas épocas sensibles de cría, determinando esta época conforme o exposto no parágrafo anterior, e coas seguintes condicións: ter o can atrelado e controlado en todo momento, non molestar en ningún caso as especies cinexéticas, non acercarse ao cocho da peza, un can por cazador e coa autorización do titular do Tecor ou explotación cinexética.

4. Os titulares de terreos de réxime cinexético especial extremarán as precaucións e adoptarán as medidas de seguridade precisas para evitar accidentes ou calquera interferencia durante a realización de ganchos ou montaría, no período que coincida co permitido para o adestramento de cans, e non poderán realizar o adestramento na mesma mancha onde se realiza o gancho ou montaría.

5. Con fins de competición, logo do informe da Federación Galega de Caza, os servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, poderán autorizar o adestramento de cans de rastro e mostra e das aves de cetraría, con caza sementada, en calquera época do ano nos lugares autorizados para estes fins.

6. En calquera actividade de adestramento de cans e aves de cetraría, será obrigatorio portar a licenza de caza e demais documentación precisa.

Artigo 9º.-*Competicións de caza.*

A Federación Galega de Caza ou as sociedades de cazadores, logo da súa autorización, poderán organizar competicións de caza en terreos de réxime cinexético especial, os xoves, sábados, domingos e festivos. Nas competicións poderán abaterse pezas de caza silvestres cando se realicen durante a tempada hábil de caza e ao longo de todo o ano, se se realizan con caza sementada ou sen morte da caza. Cando estas competicións afecten unha soa provincia serán autorizadas polo xefe territorial correspondente, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, e cando afecten máis dunha ou sexan de carácter nacional, a autorización corresponderá ao director xeral de Conservación da Natureza.

Facúltanse os xefes territoriais e mais o director xeral de Conservación da Natureza para ditar as normas e condicións en que se desenvolvan as citadas probas.

TÍTULO III CAZA MAIOR

Artigo 10º.-*Días hábiles.*

Considéranse días hábiles de caza, con carácter xeral, os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico, coas excepcións que se recollen nesta orde.

Artigo 11º.-*Métodos e modalidades de caza.*

1. A realización de montaría ou ganchos en terreos de réxime cinexético especial requirirá a

notificación previa ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente, que deberá ser efectuada polo menos cunha antelación de 10 días. Tamén poderá comunicarse mediante un calendario que abarque toda a tempada. Tanto a solicitude como a súa realización deberá axustarse ao disposto na Lei de caza de Galicia e no seu regulamento.

2. Nos terreos de réxime cinexético común en que en virtude do establecido no artigo 9.3º da Lei 4/1997, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contar cunha superficie continua superior ás 500 ha, a caza maior só se poderá exercer os sábados e na modalidade de gancho ou montaría, cos requisitos que se dispoñen na Lei de caza de Galicia e no seu regulamento e a autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza correspondente, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza.

3. A solicitude e a realización dos ganchos e montaría, así como as medidas precautorias, normas de seguridade e responsabilidade, estarán suxeitas aos requisitos que preveña a Lei de caza de Galicia e o seu regulamento. Se por calquera circunstancia algún dos ganchos ou montaría autorizados non se puidese efectuar no lugar e data fixados, en ningún caso se poderá trasladar a súa celebración a outra data ou lugar.

4. Nos ganchos e montaría, o seu responsable deberá levar no seu poder, en todo momento, a autorización correspondente e a relación completa, encabezada por el, dos participantes cos respectivos nomes e números do DNI. Esta relación deberá estar confeccionada no momento da colocación dos cazadores nos postos.

5. Nos terreos de réxime cinexético especial cando se realice un gancho ou montaría, poderase disparar a todas as pezas de caza maior que se atopen en período hábil de caza e sempre que estean recollidas no Plan de ordenación cinexético e no Plan de aproveitamentos anual e sempre non se teña cuberta a cota de capturas. Coas mesmas premisas poderáselle disparar ao raposo utilizando armas e municións propias da caza maior sempre que se faga constar na solicitude.

Artigo 12º.-*Pezas de caza.*

1. Nos plans de aproveitamento dos terreos de réxime cinexético especial e nas autorizacións concedidas para o exercicio da caza maior nos terreos de aproveitamento cinexético común especificaranse as pezas de caza por especie, sexos e idades sobre as que se poderá exercer a caza.

2. En todo caso, nunca poderán incluírse como pezas de caza:

a) As femias de especies de caza maior cando vaian acompañadas das súas crías.

b) Os machos inmaduros das especies corzo, cervo e gamo.

c) Os machos adultos que efectuasen a esmouca antes do peche do seu período hábil de caza.

Todos os animais de caza maior, que fosen abatidos, deberán ser identificados mediante unha pre-

cintaxe, que lles será facilitada aos titulares dos terreos cinexéticos, pola Consellería do Medio Rural, logo do pagamento da correspondente taxa.

TÍTULO IV
CAZA POR DANOS

Artigo 13º.-*Danos producidos pola caza.*

1. Co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandaría, na silvicultura, na circulación viaria, na flora e fauna silvestres, os servizos de Conservación da Natureza poderán acordar medidas de control. Fóra do período hábil de caza, estas medidas adoptaranse, logo de comprobación dos danos existentes polos axentes de Conservación da Natureza, seguindo directrices expresamente establecidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

2. As principais medidas de control fronte aos danos por especies que se poderán adoptar son as seguintes:

a) Lobo (*Canis lupus*): por danos constatados desta especie, poderanse autorizar esperas, ganchos ou montarías durante todo o ano, salvo nos meses de abril, maio e xuño, en que a especie está criando. A existencia de danos deberá ser comunicada ao Servizo de Conservación da Natureza tan axiña como sexa posible co fin de proceder á súa comprobación, como requisito previo á autorización, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza da práctica cinexética sobre esta especie. Os solicitantes de cada gancho, montaría ou espera autorizados deberán informar dos seus resultados por escrito ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente nun prazo máximo de cinco días hábiles seguintes ao da súa realización. O incumprimento deste requisito poderá supoñer a non autorización doutros e a anulación automática dos xa autorizados.

b) Xabaril (*Sus scrofa*): co fin de reducir os danos producidos por esta especie, tras comprobarse a existencia deles, os servizos de Conservación da Natureza poderán autorizar, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, a realización de ganchos, montarías ou esperas. As solicitudes deberán presentarse no prazo máis breve posible a partir da detección dos danos, de modo que permita a súa comprobación polo servizo antes mencionado. Os solicitantes dos ganchos, montarías ou esperas autorizados deberán informar por escrito dos resultados destes ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente, nun prazo máximo de 10 días seguintes aos da súa realización. O incumprimento deste requisito poderá supoñer a non autorización de máis ganchos ou montarías e a anulación automática dos xa autorizados.

c) Corzo (*Capreolus capreolus*): co fin de reducir os danos producidos por esta especie, poderase proceder de igual forma que no caso do xabaril.

3. Nas autorizacións concedidas por manifestos e comprobados danos, tanto do lobo como do xabaril ou do corzo, en terreos cinexéticos de réxime especial, as solicitudes serán formuladas polo titular do dereito de aproveitamento, pero nelas recolleranse

obrigatoriamente as sinaturas do prexudicado ou dos prexudicados polos danos detectados. En terreos de aproveitamento cinexético común, as solicitudes serán formuladas polo prexudicado ou polos prexudicados polos danos detectados.

4. O director xeral de Conservación da Natureza establecerá limitacións temporais á adopción destas medidas de control co fin de evitar alteracións nas poboacións de fauna silvestre e non interferir na súa cría e reprodución. Os servizos de Conservación da Natureza prestaranlles asesoramento técnico aos afectados polos citados danos, para a adopción de medidas alternativas de prevención e protección para as persoas ou na agricultura, na gandaría, nos montes ou na flora e fauna silvestres.

5. A carne das reses que se abatan en época de veda, como consecuencia da adopción de medidas de control, non poderá ser obxecto de venda ou comercio.

6. As pezas de caza maior que se abatan como consecuencia da adopción de medidas de control deberán ser identificadas mediante precintaxes que serán facilitadas pola Consellería do Medio Rural de balde.

Artigo 14º.-*Aves prexudiciais para a agricultura e a caza.*

En virtude do disposto no artigo 9 da Directiva 79/409/CEE, poderase autorizar a caza e captura de aves que lles poidan causar danos aos cultivos agrícolas e á fauna.

Os interesados deberán formular unha solicitude dirixida ao director xeral de Conservación da Natureza na cal se fará constar:

- a) Especie que se pretende cazar ou capturar.
- b) Os prexuízos causados ou os riscos que se poidan producir, así como a súa magnitude.
- c) Que fosen probadas técnicas disuasorias sen éxito.
- d) Expresión do método, o tempo e o lugar onde se pretende cazar as aves prexudiciais.

Será preceptivo o informe do Servizo de Conservación da Natureza correspondente sobre os danos existentes, que emitirá informe se hai indicios razoables de que os danos foron causados ou non polas especies citadas. Se non fose posible establecer razoablemente a orixe dos danos, denegarase a solicitude.

TÍTULO V
RÉXIMES ESPECIAIS POR ESPECIES

Artigo 15º.-*Réximes especiais por especies, aprobados despois de oídos os comités provinciais de Caza e o Comité Galego de Caza.*

As regulamentacións específicas nos terreos de réxime cinexético especial aprobadas polos servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, por proposta dos titulares, en que se establezan vedas e peches anticipados dos distintos períodos hábiles,

serán de obrigado cumprimento. A infracción das limitacións ou prohibicións que regulen as ditas regulamentacións específicas sancionaranse de acordo co establecido na Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Artigo 16º.-*Réximes especiais por especies.*

1. Caza menor:

a) Arcea (*Scolopax rusticola*) e agacha (*Gallinago gallinago*): poderase prolongar o período hábil de caza para estas especies ata o día 7 de febreiro de 2010, en terreos cinexéticos de réxime especial e logo da solicitude acompañada dun plan de aproveitamento cinexético aprobado. Establécese para estas dúas especies unha cota de captura de tres exemplares por cazador e día.

b) Charrela (*Perdix perdix*): queda prohibida a súa caza.

c) Lebre (*Lepus granatensis*): só se autoriza a súa caza, no período hábil comprendido entre o 18 de outubro e o 6 de decembro de 2009, en terreos de réxime cinexético especial.

d) Raposo (*Vulpes vulpes*): no período hábil de caza menor pódese cazar nas distintas modalidades de caza menor e en gancho. Poderanse autorizar ganchos para a caza do raposo desde o 30 de agosto ata o comezo da tempada regular, os xoves, sábados, domingos e festivos. Así mesmo, entre o 7 de xaneiro e o 7 de febreiro de 2010, e só nesta modalidade, poderase cazar os xoves, sábados e domingos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Paspallás (*Coturnix coturnix*): pódese cazar no período hábil de caza menor. Poderase autorizar a súa caza nos Tecor da antiga lagoa de Antela nos concellos que se relacionan no anexo II desta orde, entre o 22 de agosto e o 13 de setembro de 2009. Autorízase a súa caza os sábados e domingos, cun máximo de 15 escopetas por xornada de caza e un máximo de 4 escopetas por cuadrilla, require autorización expresa, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, do Servizo de Conservación da Natureza de Ourense que, poderá recoller medidas especiais para garantir o cumprimento destas condicións, e despois da presentación dun plan técnico de caza que ten que incluír un censo da especie, un cálculo do número de capturas totais e a súa repartición por xornadas de caza, cun máximo de 10 pezas por cazador e día. Os cuarteis de caza autorizados contarán cunha superficie máxima de 1.000 ha e o seu número virá dado en función da superficie útil para a especie, de acordo coa seguinte táboa:

Número de cuarteis autorizados:

2.000 ha < superficie útil para a especie < 5.000 ha: 1.

5.000 ha < superficie útil para a especie < 10.000 ha: 2.

10.000 ha < superficie útil para a especie: 3.

Só se autoriza a caza desta especie en terreos que teñan realizada a colleita na súa maior parte. No caso de alongarse o período de colleita, o Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza,

poderá atrasar o período ata un máximo de tres semanas. Se os atrasos fosen maiores ou os censos efectuados así o aconsellaren, o director xeral de Conservación da Natureza poderá modificar as cotas e os períodos autorizados ou incluso anular o período. Os Tecor deben estar dotados de vixilancia.

f) Pombo torcaz (*Columba palumbus*): pódese cazar no período hábil de caza menor. Poderase autorizar a súa caza xunto co paspallás nas mesmas condicións que as reflectidas na alínea e), nos Tecor da antiga lagoa de Antela nos concellos que se relacionan no anexo II desta orde.

g) Pato cullerete (*Anas clypeata*): queda prohibida a súa caza.

h) Rula turca (*Streptopelia decaocto*) e gaivota escura (*Larus fuscus*): queda prohibida a súa caza.

i) Tordo real (*Turdus pilaris*), tordo galego (*Turdus philomenos*), tordo malvís (*Turdus iliacus*), e tordo charlo (*Turdus viscivorus*): autorízase a súa caza durante o período hábil de caza menor. Prolóngase o período hábil de caza para estas especies ata o día 28 de xaneiro de 2010, na superficie dos Tecor incluída nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui da provincia de Pontevedra.

2. Caza maior:

a) Corzo (*Capreolus capreolus*): desde o 30 de agosto e ata o 17 de outubro de 2009, poderanse autorizar as modalidades de gancho, montaría e axexo, os sábados, domingos e festivos para machos adultos e desde o 27 de setembro ata o 17 de outubro e ademais o día 24 de outubro de 2009, femias adultas en descaste.

A autorización do Servizo de Conservación da Natureza fixará o número de pezas máximo que se poderá abater de acordo co Plan de aproveitamento. Non poderán autorizarse na mesma mancha un gancho e un axexo simultáneos, nin modalidades de caza maior e menor simultaneamente.

Só en casos moi especiais, e con indicación no Plan de ordenación cinexético aprobado, poderán autorizarse outras idades.

Dada a urxencia que impón todos os anos, na publicación da orde que regula os períodos hábiles de todas as especies e modalidades, o axexo do corzo, establécese como período hábil para a tempada 2010-2011, na modalidade de axexo unicamente, desde o 1 de abril ata o 1 de agosto de 2010, e poderase autorizar calquera día da semana para machos adultos e femias sempre adultas en descaste.

b) Xabaril (*Sus scrofa*): o período hábil estenderase desde o 30 de agosto de 2009 ata o 31 de xaneiro de 2010, nas modalidades de gancho ou montaría, autorizadas segundo o establecido no artigo 12º desta orde.

En terreos de réxime cinexético especial poderá cazarse os xoves, sábados, domingos e festivos.

Así mesmo, mentres se está cazando corzo, cervo, gamo ou muflón ao axexo, poderase disparar a exemplares de xabaril con autorización expresa dos servi-

zos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, aos cales haberá que comunicar os resultados das pezas abatidas de xabaril no prazo máximo de 10 días despois da súa realización.

Queda prohibido realizar, na mesma mancha e xornada, ganchos sobre esta especie e caza en man sobre especies de caza menor.

c) Cervo, gamo e muflón (*Cervus elaphus*, *Dama dama* e *Ovis ammon musimon*): o período hábil estenderase na modalidade de axexo unicamente, desde o 13 de setembro ata o 9 de outubro de 2009, sobre machos adultos e femias adultas en descaste e en terreos cinexéticos de réxime especial, logo de autorización dos servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza.

Desde o 10 de outubro de 2009 ata o 21 de febreiro de 2010, os servizos de Conservación da Natureza poderán autorizar, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, as modalidades de gancho, montaría e axexo, os xoves, sábados, domingos e festivos, nos terreos cinexéticos de réxime especial. Esta autorización requirirá a presentación dun plan de aproveitamento cinexético.

d) Cabra montesa (*Capra pyrenaica*): prohíbese a caza desta especie no territorio de Galicia.

e) Rebezo (*Rupicapra pyrenaica*): o período hábil estenderase do 16 de agosto ata o 30 de outubro de 2009, na modalidade de axexo e na Reserva Nacional de Caza dos Ancares.

Artigo 17º.-Terreos en que se prohibe o exercicio da caza.

A delimitación gráfica das diferentes zonas en que se prohibe o exercicio da caza en cada provincia pódese consultar no Servizo Provincial de Conservación da Natureza correspondente.

Lémbrese con carácter xeral a prohibición de cazar nas zonas de seguridade a que se refire o artigo 5 da Lei 6/2006, do 23 de outubro, que lle dá nova redacción ao artigo 25 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

1. A Coruña:

i) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no arquipélago de Sálvora, pertencente ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

ii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, no termo municipal de Ribeira. A delimitación desta zona é a seguinte:

-N: vila de Corrubedo e estrada de acceso a esta desde Artes.

-S: camiño que une a parroquia de Vilar con Liboi ata punta Corveiro.

-E: camiño que comunica as parroquias de Artes e Vilar.

-O: océano Atlántico.

iii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona costeira occidental atlántica do termo municipal de Muros. A delimitación de esta zona, denominada lagoa de Louro, é a seguinte: camiño público que desde O Anoradoiro sae á estrada AC-550 de Cee a Ribeira; segue por esta estrada ao longo de 200 metros para continuar polo límite do monte Naraío e Tixia e polo camiño a través deste, ata alcanzar a AC-550, pasando polo casarío da Madanela, 80 metros ao longo desta ata o comezo do chamado camiño do monte Louro, límite deste monte entre o camiño e o mar; liña de costa ao longo da praia de Louro ata o porto do Anoradoiro e desde aquí, en liña recta, ata o punto de partida.

iv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas Illas Sisargas.

v) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona costeira occidental atlántica do termo municipal de Porto do Son. A delimitación desta zona denominada lagoas de Xuño e San Pedro de Muro é a seguinte: río Sieira desde a súa desembocadura no océano Atlántico, río arriba, ata a estrada de Noia a Ribeira (km 52,3). Desde este punto ata a encrucillada da estrada de Seráns, pasando por San Pedro de Muro, ata a antiga fábrica de tella. Desde aquí seguindo o camiño que chega ata a punta do cabo Teira séguese pola liña de costa ata a desembocadura do río Sieira.

vi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona costeira occidental atlántica do concello de Ferrol, denominada lagoa de Doniños. A delimitación desta zona é a seguinte: polo norte, partindo da liña de costa, séguese a liña que separa os terreos de uso militar, ata chegar á encrucillada da estrada que vai a Curros e Fontemaior; desde esta encrucillada de estradas séguese pola estrada de Fonta ata chegar á punta Penencia na costa e desde aquí, pola liña de costa, ata a liña de terreos de uso militar.

vii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona da Lagoa da Frouxeira, no concello de Valdoviño. A delimitación desta zona é a seguinte: polo norte desde a punta A Frouxeira, ao longo do areal ou praia da Frouxeira, pola liña de costa ata a liña recta imaxinaria trazada desde a illa Percebellera ata a estrada que desde A Porta do Sol, en Valdoviño, remata na praia. Seguindo por esta estrada ata a estrada de Ferrol a Cedeira e por esta ata o seu cruzamento coa de Ferrol a Valdoviño ata Canto do Muro, pola estrada local da Frouxeira ata a punta A Frouxeira.

viii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona do monte San Xurxo, no concello de Ferrol. A delimitación desta zona é a seguinte: norte e oeste co océano Atlántico, ao leste con predios particulares na demarcación parroquial de San Xurxo en que está situado o monte, ao sur con predios particulares e o océano Atlántico.

ix) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona do monte Brión, no concello de Ferrol. A delimitación desta zona é a seguinte: polo norte e oeste, demarcación parroquial de Doniños. Ao les-

te, con propiedades particulares da parroquia de Brión, ao sur con propiedades particulares e océano Atlántico.

x) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Cecebre. A delimitación desta zona é a seguinte:

N: desde a presa seguindo pola estrada que une a paraxe de Cecebre con San Román, atravesando os lugares de Seixurra e San Román, ata o cruzamento coa autoestrada do Atlántico.

L: seguindo a autoestrada ata o quilómetro 17 e continuando por unha pista en terra de servidume daquela, para rematar na presa de formigón sobre o río Mero.

S: desde o punto anterior seguindo a marxe dereita do río Mero ata a ponte, e continuando pola estrada entre os lugares de Torre, O Covelo, Agrolongo e Orto de Arriba ata o viaduto do río Barcés, cuxa marxe dereita segue ata o lugar das Táboas, na estrada de Mabegondo a Carral.

O: seguindo a marxe esquerda do río Barcés ata o viaduto e continuando pola estrada ata a presa do encoro.

xi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Sabón. A súa delimitación é a seguinte: desde a presa do encoro contiguo á central térmica de Sabón pola estrada de servizo do polígono industrial, deixando o encoro á man esquerda ata o cruzamento da estrada da Coruña a Fisterra. Desde este punto, e seguindo a estrada de servizo do polígono, ata as instalacións industriais de *Silicios de Sabón, S.A.* e presa.

xii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas Brañas: termo municipal de Sada, parroquia de Sada. Coordenadas: lonxitude 8º 15' W, latitude 43º 21' N.

xiii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na ZEPA Es0000086, ría de Ortigueira e Ladrado. A delimitación desta zona é a que figura na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (*Diario Oficial de Galicia* nº 95, do 19 de maio), pola que se dispón a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (*Diario Oficial de Galicia* nº 69, do 12 de abril).

xiv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro da Ribeira, termo municipal das Pontes de García Rodríguez. A delimitación desta zona é a seguinte:

N: marxe do encoro e límite do Tecor C-10.121 ata 200 m da confluencia do regato Brandián.

L: bordeando o predio Cabalar a 200 m do cercao e continuando pola marxe dereita do río Eume ata a área recreativa de Caneiro.

S: desde a área recreativa de Caneiro seguindo o camiño ou pista cara ás Pontes de García Rodríguez ata a confluencia do camiño que baixa ao complexo

recreativo de Vilarbó, seguindo este camiño ata esas instalacións e despois continuando pola marxe esquerda do encoro, respectando os 200 m de influencia, ata a presa.

O: desde a presa seguindo a marxe do encoro en Cuiña, Vilarnovo e Maraxón ata pechar o perímetro.

xv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na Ría de Ferrol desde a ponte das Pías ata a desembocadura do Xuvia en ambas as dúas marxes.

xvi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas marismas de Baldaio, nos seguintes límites:

N: océano Atlántico.

S: o camiño desde Rebordelos a Santa Mariña, pasando pola Igrexa, Castrillón, Outeiro, Cambre e Arnados.

L: o camiño desde a praia Pedra do Sal ata Rebordelos.

O: o camiño desde Santa Mariña á punta do Pazo.

xvii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na enseada de Insua, en Ponteceso, nos seguintes límites:

N: o camiño local de punta Balarés a Cospindo, continuando pola estrada de Corme ata Ponteceso, estrada de Ponteceso a Buño.

S: estrada de Ponteceso a Laxe, ata o lugar de Canduas.

L: o camiño que vai desde a estrada de Ponteceso a Buño ata o río Anllóns, continuando por este, ata Anllóns de Arriba.

O: a liña que une Canduas, Punta Padrón e Punta Balarés.

xviii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na lagoa de Traba, nos seguintes límites:

N: océano Atlántico.

Leste e sur: desde punta Arnado seguindo polo camiño en parte, ata enlazar coa última pista de concentración parcelaria, que discorre paralelamente á lagoa en dirección ao lugar de Cernado.

O: pista asfaltada que une o lugar de Mórdomo coa estrada comarcal de Laxe-Ponte do Porto.

xix) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no LIC Es1110007 Betanzos-Mandeo. A delimitación desta zona é a que figura na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG nº 95, do 19 de maio), pola que se dispón a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (*Diario Oficial de Galicia* nº 69, do 12 de abril).

xx) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na estación cinexética de Cerqueiros en Monfero.

xxi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na marisma de Carnota na área incluída dentro do perímetro da masa de auga.

xxii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Vilagudín, nos termos municipais de Cerceda, Ordes e Tordoia, na área incluída dentro dos 200 metros da cota máxima do nivel de auga do encoro.

xxiii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Vilasenín, nos termos municipais de Cerceda e Ordes, na área incluída dentro dos cinco metros da cota máxima do nivel de auga do encoro.

O Servizo de Conservación da Natureza da Coruña sinalizará os límites territoriais que comprende a prohibición.

xxiv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos montes veciñais en man común Xián, Furiño, Gándara, A Ribeiratorra e Reboredo, das parroquias de Colúns (San Salvador) e Arcos (Santiago), do concello de Mazaricos.

xxv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no predio do Mosteiro de Sobrado.

xxvi) Queda prohibido o exercicio da caza na zona seguinte da Barbanza:

Linde O: iníciase na cota 557, que linda os montes de Barbanza de Cures e Barbanza de Nebra, continúa polas cotas 576, 567, 602, 600, 581, 593, 663, 606, 612, 597 e 620 de Barbanza de Nebra, segue polas cotas 622, 616 de Barbanza de Noal, continúa polas cotas 634, 626, 629, 644 e 616 de Barbanza de Baroña, cota que fai límite cos montes de Barbanza de Boiro.

Linde L: da cota 616, límite entre os montes de Barbanza de Baroña e Barbanza de Boiro, cruzando o rego Barazal ata a cota 561 de Barbanza de Boiro, de aquí á fonte de Porto Traveso e ás cotas 562, 572, 576 e 557 de Barbanza de Cures recollendo o inicio do linde O.

xxvii) Queda prohibido o exercicio da caza nos terreos do concello de Sobrado que abranguen os seguintes límites:

S: desde o quilómetro dous da estrada LC-233 ata a saída do regato da lagoa de Sobrado; séguese o seu curso ata o lugar da Pontepedra.

O: desde A Pontepedra, seguindo a estrada ata o quilómetro 18 da LC-231.

N: pola estrada que vai ao Centro Ictioxénico ata a dita instalación.

L: desde o Centro Ictioxénico, monte a través ata o quilómetro dous da estrada LC-233.

2. Lugo:

a) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas xunqueiras e ría do Eo; desde a ponte de Porto pola pista que pasa por Mión de Louteiro, ata a altura do km 4,700 da estrada de Vegadeo a Lugo, onde cruza o río Eo; desde este punto quilométrico segue pola citada estrada de Lugo a Vegadeo ata

Porto de Abaixo, desde aquí e pola estrada nacional de Santander á A Coruña ata Ribadeo, desde aquí pola estrada provincial ata Senra, desde aquí pola pista que chega á punta de costa denominada punta de Penas Brancas.

b) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no monte propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia denominado Fraga Vella, sito nos termos dos concellos de Abadín e Mondoñedo. A delimitación correspondente é a seguinte:

N: monte de utilidade pública Tremeal e Fraga das Vigas, parroquia de Labrada, do concello de Abadín: Casarío dos Agros e río Fraga Vella.

L: río Fraga Vella e monte de utilidade pública nº 46-B Brañas e Toxiza, da parroquia de Mondoñedo e outras.

S: monte de utilidade pública nº 43 Coto da Cal, da parroquia de Romariz, do concello de Abadín.

O: monte de utilidade pública nº 44 Tremeal e Fraga das Vigas, da parroquia de Labrada, do concello de Abadín.

c) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos de Espiñeira e lagoa de Cospeito, do concello de Cospeito. A delimitación correspondente é a seguinte:

N: termo do concello de Vilalba, ata o punto de cruzamento da estrada de Rábade a Montecelos por Cospeito, en Guisande.

L: estrada de Rábade a Moncelos por Cospeito.

S: estrada de Rábade a Montecelos por Cospeito, lugar de Feira do Monte e estrada de Cospeito a Vilalba, ata a ponte de Sistallo.

O: pista da ponte de Sistallo á casa de Angulo da Espiñeira, ata o límite co concello de Vilalba.

d) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos do monte de Veral, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia, parroquia do Veral, concello de Lugo. A delimitación correspondente é a seguinte:

N: estrada de Lugo a Friol e río Mera.

L: propiedades particulares da parroquia de San Xoán do Alto.

S: propiedades de veciños de San Xoán do Alto e camiño de Avelaidas.

O: río Mera, monte da parroquia do Veral, e propiedades dos veciños do Veral.

e) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no monte Paramedela no concello da Pobra de Brollón. A delimitación correspondente é a seguinte:

N: monte de Salcedo a Bairán.

L: monte de Salcedo a Bairán.

S: monte de Salcedo a Bairán e río Lor, concello de Quiroga.

O: monte de Salcedo a Bairán e río Loureiro.

f) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no monte Bibei, concello de Quiroga. A delimitación correspondente é a seguinte:

N: monte de Enciñeira.

L: provincia de Ourense, monte comunal e propiedades particulares.

S: provincia de Ourense.

O: río Bibei, propiedades particulares, regato de Cavados e estrada de Ourense a Ponferrada.

g) Queda prohibido o exercicio da caza na Devesa de Rogueira, sita en Moreda-O Courel, coa seguinte delimitación:

N: monte e prados en Moreda.

L: monte de Moreda e de Vieña, ata o pico de Formigueiros.

S: termo municipal de Quiroga ata Corga de Mosa e monte de Ferreiros ata Pico Polín.

O: monte de Parada.

h) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na ría de Foz, nos límites territoriais que se sinalan a continuación:

N: boca da ría desde punta do Cabo ata punta de San Bartolomeu.

L: desde o punto anterior pola beira leste da praia de Altar á de Tupido, estrada de Viladaide e A Áspera e camiño á igrexa de San Cosme de Barreiros, estrada ao Vilar, ferrocarril Ferrol-Gijón ata o camiño de dirección N-S á estrada comarcal 642 de Ferrol por Ortigueira.

S: estrada C-642, A Espiñeira e ponte da Espiñeira.

O: desde a ponte da Espiñeira, pola estrada C-642 ata Fondós, baixada á punta de Malatel e beira da ría ata punta do Cabo.

i) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na Veiga de Pumar, concello de Castro de Rei. A delimitación correspondente é a seguinte:

N: termo municipal de Cospeito, pola estrada de Rocelle a Porto do Monte e en liña recta ao porto de Boraño, no río Miño.

L: río Miño ata 200 metros augas abaixo da desembocadura do regato de Pumar, na presa de Oroxe, leiras particulares ata o cruzamento da estrada de Xustás a Oroxe.

S: estrada de Oroxe a Almudia.

O: estrada de Almudia a Arneiro ata o límite do termo municipal de Castro de Rei.

j) Queda prohibido o exercicio da caza nos terreos que integran as lagoas do Pedroso, parroquias de Pazos e Illán, no termo municipal de Begonte, cos seguintes límites:

N: pista de acceso desde O Pedroso ata a confluencia co río Ladra.

L: pista que comunica os lugares de Riocaldo e O Pedroso.

S: nacional VI.

O: Río Ladra.

3. Ourense:

a) Queda prohibida a caza nas augas e marxes de dominio público do encoro de Castrelo de Miño, nos termos municipais de Ribadavia, Castrelo de Miño e Cenlle, desde os lugares de Sanín e Oleiros ata o encoro.

b) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no Parque Natural do Invernadoiro, o termo municipal de Vilariño de Conso, de acordo co Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o PORN.

c) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na finca Salgueiros, no termo municipal de Muñíos, pertencente ao Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

d) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas zonas de reserva integral do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, de acordo co Decreto 27/1993, do 11 de febreiro, en que se declaran como parque natural os citados terreos.

e) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos incluídos na zona de influencia de explotación de áreas da comarca da Limia, termo municipal de Sandiás, de acordo co plano existente no plan de recuperación das areeiras da Limia, entre a pista norte, que bordea as explotacións de áreas e o río Limia.

f) Queda prohibido o exercicio da caza nos terreos que comprenden o predio da Edreira e Nabuíñas, no termo municipal de Laza.

g) Queda prohibido o exercicio da caza nas zonas de reserva integral do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra de acordo co Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o PORN dese parque.

4. Pontevedra:

a) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos arquipélagos de Cíes, Ons e Cortegada, pertencentes ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

b) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público da enseada de San Simón, formada polo entrante da ría de Vigo ata a ponte de Rande, sobre o estreito de Rande.

c) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público así como a zona marítima do Complexo Intermareal de Umia-O Grove-A Lanzada-punta Bodeira, como consecuencia de que foi declarada polo Consello de Ministros como zona húmida incluída no Convenio Internacional de Ramsar.

d) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas zonas norte e sur das Gándaras de Budiño, sitas no concello do Porriño:

N: estrada que parte da estrada N-550 en dirección Santo André.

S: estrada que parte da N-550 en dirección Madanela.

L: N-550 e estrada de acceso ao polígono das Gándaras.

O: división entre a vexetación da zona húmida e os piñeiros, matogueira e terras de cultivo. Camiño que parte da estrada que marca o límite norte e que atravesa Centeáns, Quintela e chega ata Madanela.

e) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Pontillón do Castro, sito no concello de Pontevedra e cunha superficie de 31,5 ha delimitadas polos seguintes lindeiros:

N: pista forestal contigua ao encoro.

L: pista forestal contigua ao encoro que continúa a anterior.

S: estrada comarcal de Pontevedra ao encoro, desde a confluencia coa pista anterior ata o dique daquel.

O: liña imaxinaria paralela ao límite dos terreos propiedade do Concello de Pontevedra, a unha distancia de 250 m que parte do dique do encoro.

f) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona sur da Illa de Arousa, denominada punta de Carreirón, cos seguintes límites:

N: ensenada da Brava e praia de Salinas.

L: liña de costa.

S: liña de costa.

O: liña de costa.

g) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona denominada Baixo Miño e illa Canosa, cos seguintes límites:

N: pola pista que delimita o piñeiral da praia de Camposancos, segue pola faixa aberta polo tendido eléctrico de alta tensión, segue ata o campo de deportes, continúa por toda a zona húmida, desde a pista que sae da Pasaxe ata a ponte do río Tamuxe.

L: río Tamuxe.

S: río Miño.

O: océano Atlántico e punta de Santa Tegra.

h) Illa Canosa e Morradeira do Grilo en toda a súa extensión.

i) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no parque natural do monte Aloia, en Tui.

j) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona de Val Miñor, cos seguintes límites:

N: estrada PO-340, desde a desviación para Mañufe ata monte Lourido.

S: estrada de Mañufe á ermida Sta. Marta.

L: estrada e ponte desde Mañufe á estrada PO-340.

O: zona marítima desde a ermida de Santa Marta ata os illotes de Garza e monte Lourido.

k) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na Xunqueira de Alba, no termo municipal de Pontevedra, cos seguintes límites:

N: pista de Ponte Cabras ata a autoestrada A-9.

S: río Lérez.

L: pista desde As Correntes pasando pola Ponte do Maxeiro, rúa da Gándara, ata a ponte das Cabras.

O: autoestrada A-9.

Disposición adicional

Única.-Respecto aos plans de ordenación cinexética que están en proceso de renovación, as datas e condicións para presentar o Plan de aproveitamento cinexético anual correspondente á tempada 2009-2010, serán as seguintes:

-No caso dos Tecor que teñan vixente ou presentada a renovación do Plan de ordenación cinexética, deberán achegar ao correspondente Servizo de Conservación da Natureza o Plan de aproveitamento cinexético anual, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

-No caso daqueles Tecor que non teñen vixente o seu Plan de ordenación cinexética e aínda non presentaron a súa renovación, establécese como data límite para a presentación do novo Plan de ordenación cinexética xunto co Plan de aproveitamento cinexético anual, o mes de agosto de 2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para modificar o inicio ou o remate dos períodos de caza sinalados, cando haxa razóns especiais que o xustifiquen, así como para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Relación de especies cazables comercializables no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

*Aves:

Anas platyrhynchos: pato real.

Alectoris rufa: perdiz rubia.

Phasianus colchicus: faisán común.

Columba palumbus: pombo torcaz.

Columba oenas: pomba zura (1).

Coturnix coturnix: paspallás (1).

*Mamíferos:

Lepus granatensis: lebre.

Oryctolagus cuniculus: coello.

Vulpes vulpes: raposo.

Sus scrofa: xabaril.

Cervus elaphus: cervo.

Capreolus capreolus: corzo.

Dama dama: gamo.

Ovis ammon musimon: muflón (*).

(1) Só os exemplares procedentes de explotacións industriais.

(*) Especie incluída no convenio de Washington.

ANEXO II

Concellos da provincia de Ourense, que abranquen a antiga Lagoa de Antela:

Rairiz de Veiga.
Vilar de Santos.
Sandiás.
Vilar de Barrio.
Sarreaus.
Xinzo de Limia.
Trasmirás.
Porqueira.
Xunqueira de Ambía.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 22 de xullo de 2009 pola que se publica a oferta de emprego público de persoal laboral de administración e servizos para o ano 2009.

De conformidade cos estatutos da Universidade de Vigo, co convenio colectivo de persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo (DOG nº 145, do 27 de xullo de 2007), consonte as competencias que recoñece a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e os estatutos da Universidade de Vigo

Esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Publicar a oferta de emprego público do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo para o ano 2009:

Persoal laboral de administración e servizos

Grupo	Categoría	Dotación/acceso
II	Xestor/a de actividades culturais	1 promoción interna
III	Técnico/a especialista de análise instrumental	1 promoción interna
III	Técnico/a especialista de bibliotecas	4 libre 5 promoción interna
III	Técnico/a especialista de laboratorio de física	1 promoción interna
III	Técnico/a especialista de medios audiovisuais	1 libre 1 promoción interna
III	Técnico/a especialista de servizos xerais	2 promoción interna
III	Técnico/a especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	2 libre 3 promoción interna
IV	Auxiliar técnico/a de servizos xerais	17 libre 11 promoción interna

Segundo.-Para coñecemento de posibles aspirantes, as bases específicas de cada proceso selectivo derivado desta oferta de emprego publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Con base no disposto no convenio colectivo de persoal laboral da Universidade de Vigo (DOG nº 145, do 27 de xullo de 2007) do total da oferta de emprego reservarase un 6% para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao

de minusvalía igual ou superior ao 33%. A distribución por categorías será a seguinte:

- Técnico/a especialista de bibliotecas: 1 praza.
- Auxiliar técnico/a de servizos xerais: 2 prazas.

Cuarto.-O sistema de acceso será o concurso-oposición, coa estrutura das probas prevista no anexo III do convenio colectivo de aplicación. Os temarios que rexerán nas probas publicanse na páxina electrónica da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo: <http://www.uvigo.es/servicios/pas/index.gl.htm> >Emprego>Temarios.

Vigo, 22 de xullo de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Resolución do 6 de xullo de 2009 pola que se nomean funcionarios de carreira da escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos polo sistema de promoción interna.

Vista a proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso na escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña polo sistema de promoción interna, convocadas por Resolución do 1 de setembro de 2008 (DOG do 8 de outubro).

Verificada a concorrencia nos aspirantes aprobados dos requisitos exixidos nas bases da convocatoria.

Consonte o disposto no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia; no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e nos estatutos da Universidade da Coruña, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.-Nomear funcionarios de carreira da escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña os aspirantes aprobados que se relacionan no anexo, ordenados consonte a puntuación final acadada.

Segundo.-Para adquiriren a condición de funcionario de carreira, as personas que se relacionan